



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

2ª REUNION

Convenio Colectivo (31/01/12)

Apesares de que dentro de escasos meses está previsto recuperar unha alta actividade na Planta, a Dirección aproveitando o clima de incerteza da sociedade, pretende facer leña da arbore caída, é dicir, talar dende as raíces os poucos Dereitos sociais que tanto sacrificio custou para as xeracións precedentes, así, nesta segunda Reunión e sen ruborizarse, a Dirección quere que lle entreguemos:

.- **Vixencia de 4 anos (2012-2015).** É dicir, o argumento de incerteza que non lles valía para convenios pasados agora válelles.

.- **Eliminar o artigo que regula os criterios sobre as Cabinas de Revestimentos (Pintura).** É dicir :

cando se fai necesario rescatar os criterios dos traslados interiores no Taller para evitar os cambios arbitrarios que se acometeron durante a vixencia deste Convenio, agora tamén queren facelo para coas Cabinas de Pintura.

.- **Non contemplan reducir a xornada anual (1705 h).** Despois de levar 8 anos sen redución de xornada, a Dirección segue sen ter en conta a petición sindical. Aquí tamén se revela a falla de compromiso para co Emprego.

.- **Días de disfrute individual.** A Dirección quere seguir administrando estes 2 días.

.- **10 sábados obrigatorios de velada.** Facendo unha interesada lectura da Lei, ignorando a flexibilidade que ternos (Bolsa de Horas, Días de Adecuación,...) pretenden obrigarnos volver ó 72.

.- **Ampliar a 30 os días en positivo da Bolsa de Horas (igualando os negativos).** Se en anos de alta actividade non se fixo efectivo, a que vén agora esta proposta?.

Deixando no ambiente temas como: Poder desprazar as paradas por necesidades fisiolóxicas en caso de aviarias; Retomar o desprazamento dos 15 minutos do Bocado; Modificar o funcionamento da Mutualidade (Prestacións)

Por parte da C.I.G., en base ós Artigos tratados, pasamos a expoñer as nosas reivindicacións, máis que xustificadas:

- ✓ *Vixencia 1 ano, máximo 2*
- ✓ *Integrar o texto do Acordo Marco da Diversidade para co persoal de novo ingreso*
- ✓ *Garantir, como mínimo 1 ano de contrato os eventuais e crear unha bolsa de Emprego*
- ✓ *Recoñecer as titulacións académicas adecuándoas ó Sistema de Categorias Profesionais*
- ✓ *Recuperar o sistema de Clasificación Profesional por Oficios (Acordo Marco Estatal do Metal)*
- ✓ *Recuperar os criterios básicos no artigo de Traslados interiores (respectar a antigüidade)*
- ✓ *Igualdade de oportunidades no acceso ás vacantes que se produzan no Persoal Mensual*
- ✓ *Contemplan unha indemnización de 20 días na finalización do contratos Eventuais*
- ✓ *Reducir 1 día laboral a xornada anual (de 1705 a 1697"25), sen repercutir no salario*
- ✓ *Contemplan os 2 días de Convenio como permisos individuais*
- ✓ *Regular os días de Adecuación no Seno do Comité de Empresa antes da súa asignación*

Compañeiros/as.- estamos ante un ATRACO ós poucos Dereitos que nos quedan. Non o permitamos. Os traballadores/as desta Planta merecemos un Convenio xusto.

Confederación Intersindical Galega

Avda. Citroën. 3. 5. C_P. 36210 Teléfono/Fax: 986215 833 We6: cigcitroen.com: Email_automcion@cigcitroen.com